

XUNTANZA COA D.X.F.P. – OPE 2022

Santiago de Compostela 08/04/2022

Na xuntanza mantida pola Direccin Xeral da Funcin Pblica coas OOSS, no da de hoxe, ao respecto da OPE 2022, indicouse o seguinte:

A Secretaría de Estado da Funcin Pblica fixo pblica unha **resolucin sobre orientacin para a posta en marcha dos procesos de estabilizacin**, nin acordada coas CCAA nin coas OOSS. Anda que si negociada coas primeiras, non se chegou a acordo porque Galicia, entre outras, que presentou as svas alegacin, non estaba de acordo co contido dalgunhas das cuestin fundamentais plasmadas na citada resolucin.

Unha vez remitido o documento citado, por parte da Xunta de Galicia tamn se remitir, no da de hoxe as OOSS, o **Borrador de criterios comns para a aplicacin do proceso de estabilizacin derivado da Lei 20/2021, de 28 de decembro, para a reducin da temporalidade no emprego pblico**, que recolle parte dos criterios do documento estatal posto que e o establecido na propia lei que e obriga cumprir, engadindo outra serie de cuestin que podan axudar a aclarar a interpretacin do texto normativo. **A partir do seu envio darase un prazo temporal para alegacin (21/04/2022).**

Os **criterios de determinacin de prazos** son os que se conteen no borrador que envian para **alegacin**, as **convocatorias e baremos** negociarase **despois da publicacin da OPE**, cuxa publicacin ser antes do 1 de xuao de 2021, mentres que para as convocatorias hai prazo ata 31 de decembro de 2022.

Continua cunha exposicin sobre a lei, que pretende a reducin da temporalidade por **dvas vas**:

- **Concurso de Mritos** (prazos estruturais e non estruturais, ocupadas con vinculacin laboral temporal ininterrompidamente antes do **01/01/2016** e ata o **31/12/2020**, vacantes e dotadas presupostariamente), **recollido na disposicin adicional sexta**. Tamn incluriranse, en virtude do disposto na **disposicin adicional oitava**, as prazos vacantes ocupadas por persoal, con vinculacin laboral temporal anterior ao **01/01/2016** e ata o **31/12/2020**, anda que non sexa na praza que ocupan na actualidade, que non obstante, **sera obxecto de estabilizacin**.
- **Concurso Oposicin** (prazos estruturais e non estruturais, ocupadas con vinculacin laboral temporal ininterrompidamente antes do 01/01/2018 e ata o 31/12/2020, vacantes e dotadas presupostariamente), **recollido no artigo 2**.

Nos dous supostos, **as prazos teen que estar ocupadas na data de entrada en vigor da lei**, isto e, o **30/12/2021**.

Por outra banda, a DXFP considera que se mantn o carcter ininterrompido de ocupacin dunha praza, sempre que se garanta esta situacin anda que quede vacante a praza, se volta a ocuparse nun prazo mximo dun mes, e sempre e cando a sva **ocupacin non sexa por persoal fixo, porque interromperase o cmputo da temporalidade**.

Anda que, a normativa deixa ben claro que e un **procedemento de estabilizacin de prazos e non de persoas**, hai elementos que afectan a persoa da que deriva a convocatoria da praza, como poden ser, entre

outras: a indemnización pola non superación do proceso coa posibilidade da súa inclusión en bolsas especiais de contratación ou a perda da correspondente indemnización pola non presentación ao proceso.

Comezarán a remitirse os listados das prazas a incluír na OPE 2022, entre hoxe e o luns, comezando polas afectadas pola 1ª e 2ª parte do Convenio Colectivo, isto é, prazas non convocadas ou que sendo convocadas non foron cubertas. Todas as prazas serán identificadas, co código correspondente, e achegaranse tamén as iniciais e catro díxitos dos DNIs das persoas que as ocupan. Remitiranse en lotes por escalas para facilitar a súa revisión, e en primeiro lugar as prazas de concurso de méritos (anteriores a 01/01/2016), descontadas as convocadas con anterioridade á entrada en vigor da lei dos listados correspondentes.

Estableceranse detalladamente as prazas que irán por concurso de méritos e as que o farán por concurso-oposición, ademais das que irán pola **taxa ordinaria** de quenda libre.

Todos os anexos II e III das OPEs anteriores quedarán derogados, porque os procesos das prazas ou están executándose/executados ou pasan a ser substituídos pola oferta de 2022.

Todas as prazas da **DA 10ª, 1ª e 2ª parte, do V Convenio colectivo da Xunta de Galicia** (estímense unhas 600 prazas).

Incluíranse nos listados as prazas ocupadas por persoas que fosen declaradas **como persoal indefinido non fixo** por sentenza xudicial/resolución administrativa, non so a 31 de decembro de 2020 senón tamén posteriores e ata a data de aprobación da oferta.

Incluíranse nos listados as prazas a tempo parcial (TP) ocupadas con vinculación laboral temporal ininterrompidamente de acordo aos criterios enunciados con anterioridade, que poderanse cubrir igualmente no proceso de estabilización neste mesmo formato.

Incluíranse nos listados as prazas fixas descontinuas ocupadas con vinculación laboral temporal ininterrompidamente de acordo aos criterios enunciados con anterioridade.

Incluíranse nos listados as prazas ocupadas nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020, por persoal interino ou temporal, **sen posto con dotación referenciada**, pero cuxa prestación de servizos responde a necesidades estruturais e teñan a cobertura orzamentaria necesaria.

Finalmente, **incluíranse tamén as prazas dos entes instrumentais**, que cumpran as condicións detalladas con anterioridade, previsiblemente nunha oferta única, separada nalgún suposto concreto, aínda que noutros non, por exemplo AMTEGA ou ATRIGA sempre vai conxunta na oferta ordinaria.

Non é necesaria inicialmente a modificación da RPT de tódalas prazas para a súa publicación na OPE, **senón que a necesidade das prazas será no momento da toma de posesión**, polo remate dos correspondentes procesos selectivos.

Unha vez publicada a OPE, **as convocatorias e os criterios de baremación** serán obxecto de negociación polas OOSS presentes na **Mesa Xeral de Empregados Públicos**. Indicándose que valoraranse os méritos como persoal funcionario interino no corpo ou escala ou como persoal laboral temporal na categoría profesional da Administración á que se desexa acceder.

En canto á toma de posesión será con carácter provisional, dado que o que se estabiliza son as prazas e a súa cobertura e non as persoas. Polo que, as prazas a ofertar ás persoas aspirantes que superen estes procesos con carácter definitivo serán as que resulten do concurso de traslados previo entre o persoal funcionario de carreira e laboral da escala ou da categoría correspondente.

VALORACIÓN DE UGT SERVICIOS PÚBLICOS:

Considerando que a resolución do Ministerio é orientativa, presentaremos as alegacións que correspondan á proposta de criterios de determinación de prazas que refire remitará a Xunta de Galicia.

- Consideramos que as **listaxes deben**:
 - Ter unha **columna que identifique a data de inicio da relación temporal.**
 - Incluir **prazas con código** de posto.
 - Incluir **todas aquelas prazas que non teñen código** de referencia, **pero si cumpren os requisitos** da Lei 20/2021.
 - Incluir as **prazas de todos os Entes Instrumentais susceptibles do ámbito de aplicación** da norma.
- A **revisión** das listaxes polas organizacións sindicais si requiren **prazo razoable de alegacións**, e quixeramos coñecer cales son as escalas polas que comezaran os envíos de listaxes e a periodicidade coa que se prevé a súa remisión.
- Debe aclararse o **tema do galego e das probas físicas nos procesos de concurso** das disposicións adicionais sexta, sétima e oitava da lei 20/2021.
- As **quendas de promoción interna** no marco da OPE ordinaria debe ser o máis ampla posible e **con procesos acordos cos que se desenvolverán para a estabilidade.**
- Os criterios dos baremos dos procesos que quedan para unha negociación posterior, o das convocatorias, non impiden, e **demandamos, se recolla nos criterios de determinación de prazas a OPE**, que os mesmos terán **bases comúns e se simplificaran os procesos selectivos.**
- A **mobilidade (concursos de traslados)** con tomas de posesión coordinadas debe garantirse.

ROGOS e PREGUNTAS

- Director informa da remisión, no día de hoxe, do **[buzón de postos para a elección de destino definitivo de 100 prazas de promoción interna e 136 prazas de acceso libre dos corpos xerais da Administración.](#)** Retíranse as prazas de indefinidos non fixos e inclúense tódalas prazas que quedaron vacantes no concurso, con incorporación das prazas de A2 que con posterioridade ao concurso quedaron vacantes en Santiago, de nivel 18. Unha vez feitas as alegacións, despois virán as tomas de posesión e a súa publicación no DOG, **polo que as tomas de posesión do concurso de traslados non serán antes do mes de maio de 2022.**
- En breve, **enviarase información** acerca da **constitución dos grupos de traballo** para a xestión dos **fondos de Resiliencia.**
- Nas **vindeiras semanas** saíran as **listaxes provisionais dos procesos convocados que están pendentes de saír.**

[Preme aquí para descargar o documento de criterios dos procesos de estabilización.](#)

Podes remitir as túas achegas ata o día 19 de abril, ao enderezo:

sindicato-uxt@xunta.gal